



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a las medidas a adoptar por la CHMS ante la elevada contaminación del embalse de As Conchas.**

El pasado mes de marzo, los vecinos y las vecinas de As Conchas presentaban una demanda, apoyada por distintas organizaciones de defensa de las personas consumidoras y usuarias y entidades ecologistas, contra los ayuntamientos de la comarca, la Xunta de Galicia y la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil por la vulneración de sus derechos fundamentales por no actuar frente a la continuada contaminación de las aguas del río Limia y del embalse de As Conchas.

Acusaban a las Administraciones implicadas de incumplir la Directiva Marco del Agua de la UE, que establece que las autoridades deben adoptar medidas para evitar la contaminación constante del agua y del suelo, y de no realizar los controles correspondientes pese a afectar a la vida normal de la población de la zona.

En julio de 2025, la Sala Segunda del Tribunal Superior de Justicia de Galicia condenó a la Xunta y a la CHMS por la vulneración de derechos fundamentales de los vecinos y vecinas de A Limia provocada por la «inactividad de las administraciones públicas», dando la razón a los vecinos y vecinas. Razón por la que dirigimos una pregunta al Gobierno para exigir que a la CHMS la adopción de medidas en cumplimiento de dicha sentencia.

En su respuesta al BNG, la CHMS se limitó a indicar que era consciente de la problemática de la contaminación del embalse de As Conchas y de las aguas subterráneas de A Limia y que realizaba campañas periódicas de control de las aguas, indicando que «no obstante realizará campañas específicas de control de los puntos de abastecimiento a la población de la comarca de A Limia» y que incrementará la densidad y frecuencia de dichos controles, además de señalar el embalse como zona de contaminación difusa.

Sin embargo, no aportaba ninguna explicación sobre las acciones preventivas para, no solo analizar la calidad del agua, sino también asegurar que se reduce la contaminación, que ha quedado probado que provoca un alto riesgo para la salud, al superar los valores



recomendados.

La citada sentencia fue recurrida por las demandadas y ahora, este mismo febrero, el Tribunal Supremo ha rechazado el recurso, reiterando la responsabilidad por la falta de actuación de las administraciones competentes y exigiendo que se garantice el suministro de agua potable limpia y segura.

La sentencia se apoya en numerosos informes científicos que acreditan la elevada contaminación por nitratos y eutrofización del embalse por encima de los umbrales fijados por la OMS para el consumo humano, además de advertir de los riesgos que pueden tener los usos recreativos del embalse.

Por tanto, es necesario que la CHMS cumpla con la sentencia y sus obligaciones y adopte las medidas necesarias para corregir y revertir la degradación de las aguas de As Conchas.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué medidas pondrá en marcha la CHMS para dar cumplimiento a la sentencia del TSXG ahora confirmada por el TS y que determina la obligación de adoptar las medidas precisas para revertir la elevada contaminación del embalse de As Conchas y garantizar el abastecimiento de agua potable limpia, segura y libre de microorganismos y rehabilitar así los derechos fundamentales de los vecinos y las vecinas?
2. ¿Tras haber acumulado 217 expedientes sancionadores entre los años 2011 y 2024, comparte que es urgente llevar a cabo actuaciones para la regeneración de las aguas del embalse?
3. ¿Ha iniciado ya contactos con la Xunta de Galicia para, de forma coordinada, iniciar un Plan de mejora de la calidad de las aguas del embalse de As Conchas?
4. ¿Tiene previsto la CHMS iniciar una ronda de reuniones con los vecinos y las vecinas, organizaciones y grupos de la comarca que llevan años demandando actuaciones para la recuperación de la calidad de las aguas subterráneas y del embalse para llegar a un consenso sobre las acciones a tomar?

Madrid, a 14 de febrero de 2026



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

14 FEB. 2026 18:44:14

Entrada **99700**

Sobre as medidas a adoptar pola CHMS ante a elevada contaminación do encoro das Conchas

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO


O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás medidas a adoptar pola CHMS ante a elevada contaminación do encoro das Conchas.**

En marzo pasado veciños e veciñas das Conchas presentaban unha demanda, apoiada por distintas organizacións de defensa das persoas consumidoras e usuarias e entidades ecoloxistas, fronte aos Concellos da comarca, a Xunta da Galiza e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil pola vulneración dos seus dereitos fundamentais por non actuar ante a contaminación continuada das augas do río Limia e do Encoro das Conchas.

Acusaban as Administracións implicadas de estar a incumprir a Directiva marco da auga da UE que establece que as autoridades deben adoptar medidas para evitar a constante contaminación das augas e do solo e de non realizar os controis correspondentes a pesar de afectar á vida normal da poboación da zona.

En xullo de 2025, a Sala Segunda do Tribunal Superior de Xustiza da Galiza condenaba á Xunta e á CHMS pola vulneración de dereitos fundamentais da veciñanza da Limia provocada pola “inactividade das administracións públicas”, dando a razón aos veciños e veciñas. Razón pola que dirixiamos unha pregunta ao Goberno para demandar á CHMS a adopción de medidas en cumprimento da devandita sentenza.

Na súa resposta ao BNG, a CHMS limitouse a indicar que era consciente da problemática de contaminación do encoro das Conchas e das augas subterráneas da Limia e que realizaba campañas periódicas de control das





augas, sinalando que “con todo realizará campañas específicas de control de puntos de abastecemento á poboación da comarca da Limia” e que aumentará a densidade e frecuencia devanditos controis, ademais de indicar o encoro como zona de contaminación difusa.

Porén, non se achegaba explicación algunha sobre as accións preventivas para, non só analizar a calidade das augas, senón para asegurar que se reduce a contaminación que quedou probado implica un alto risco para a saúde, pois excede os valores recomendábeis.

A citada sentenza foi recorrida polas demandadas e agora, neste mes de febreiro, o Tribunal Supremo ven de rexeitar o recurso reiterando a responsabilidade pola falta de actuación das administracións competentes e exixindo que se garanta o abastecemento de auga potábel limpa e segura.

A sentenza apóiase en numerosos informes científicos que acreditan a elevada contaminación por nitratos e a eutrofización do encoro por riba dos limiares fixados pola OMS para o consumo humano, ademais de advertir dos riscos que pode ter os usos recreativos do encoro.

Así pois, é preciso que a CHMS cumpra coa sentenza e as súas obrigas e adopte as medidas precisas para corrixir e revertir a degradación das augas das Conchas.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que medidas porá en marcha a CHMS para dar cumprimento á sentenza do TSXG agora confirmada polo TS e que determina a obriga de adoptar as medidas precisas para revertir a elevada contaminación do encoro das Conchas e garantir o abastecemento de auga potábel limpa, segura e libre de microorganismos e rehabilitar así os dereitos fundamentais dos veciños e veciñas?



2. Despois de ter acumulado 217 expedientes sancionadores entre os anos 2011 e 2024, Comparte que é urxente levar a cabo actuacións para a rexeneración das augas do encoro?
3. Iniciou xa contactos coa Xunta da Galiza para, de forma coordinada, iniciar un Plan de mellora da calidade das augas do encoro das Conchas?
4. Ten previsto a CHMS iniciar unha rolda de reunións coa veciñanza, organizacións e colectivos da comarca que levan anos exixindo accións para a recuperación da calidade das augas subterráneas e do encoro para consensuar as accións a desenvolver?

Madrid, a 14 de febreiro de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso